

BASES DO CONCURSO DE REDACCIÓN "DÍA DA NAI" DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS CENTRO COMERCIAL ABERTO

A Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, Centro Comercial Aberto (ACEBE CCA) convoca o concurso de redacción para escolares "DÍA DA NAI 2022".

OBXECTO DO CONCURSO

Con motivo do Día da Nai, ACEBE CCA convoca un concurso de redacción no que poderán participar nenos e nenas de entre 6 e 12 anos de idade que deberán remitir os seus escritos co lema "Hoxe escribo sobre a miña nai".

CATEGORÍAS

- Nenos e nenas de entre 6 e 12 anos de idade.

PREMIO

A redacción gañadora será publicada no periódico "Betanzos e a súa comarca"

A persoa gañadora recibirá un premio de 30 € (2 acebecheques de 15 euros cada un) para canxear nalgún dos seguintes establecementos asociados a ACEBE CCA: Librería Biblos, Librería Brea, Co&Co Diseño, Alecrín ou Don Dino.

CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN

-As redaccións deberán ser orixinais e escritas en galego e enviaranse como arquivo adxunto á dirección de correo electrónico: periodico@comerciodebetanzos.com indicando no asunto CONCURSO DÍA DA NAI.

-No texto do correo electrónico indícaranse os seguintes datos: Título da redacción, nome e apelidos do autor/a, idade, municipio de residencia e un teléfono de contacto do pai/nai ou titor/a legal do menor.

-Na redacción non figurarán os datos persoais do autor/a, só o título.

-A extensión máxima das redaccións será de 2.000 caracteres (espazos incluídos).

-Cada participante só poderá remitir unha única redacción para o concurso.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

-O prazo de envío das redaccións estará aberto desde o 5 de abril de 2022 ata o 22 de abril de 2022.

XURADO

A directiva de ACEBE CCA nomeará a un xurado que estará formado por persoas relacionadas co ámbito cultural e a súa decisión darase a coñecer o día 1 de maio de 2022 a través das redes sociais de ACEBE CCA.

O xurado recibirá unha copia de cada un dos orixinais remitidos ao concurso sen que neles consten os datos persoais do autor/a. As redaccións que reciba o xurado para emitir o seu fallo estarán numeradas segundo a orde de chegada dos relatos. Unha vez que o xurado decida cal das redaccións é a gañadora procederase a identificar á persoa autora do relato.

A decisión das persoas integrantes do xurado será inapelable.

COMUNICACIÓN E ENTREGA DO PREMIO

ACEBE CCA porase en contacto co gañador/a mediante unha chamada de teléfono e/ou correo electrónico para coordinar a entrega do premio.

O premio só poderá ser entregado a persoas maiores de idade, polo que a entrega realizarase aos titores legais do menor, que deberán acreditar documentalmente a súa condición.

A data límite para recoller o premio será o **24 de maio de 2022**.

A data límite para canxear o acebecheque será o **24 de xuño de 2022**. O premio obxecto do presente concurso estará suxeito a ingreso a conta do IRPF, que correrá a cargo de ACEBE.CCA.

Os acebecheques só se poderán canxear nos establecementos asociados a ACEBE CCA que se indican nas bases. Cada acebecheque deberá ser canxeado íntegramente nunha compra de importe igual ou superior ao valor do mesmo. Se a compra fose de importe inferior ao acebecheque non poderá recibir o cambio correspondente, perdendo a diferenza. Non se permite a utilización do acebecheque como medio de disposición de efectivo.

CONDICIÓNS XERAIS DO CONCURSO

O pai/nai ou titor/a legal do neno ou nena gañador/a do concurso autoriza o uso dos datos persoais do menor (nome, apelidos e idade) e da súa imaxe para as reportaxes fotográficas, informativas e promocionais en calquera soporte divulgativo relacionado co concurso "Día da Nai 2022" de ACEBE.CCA.

Os concursantes poderán consultar as bases do presente concurso durante o período en que estea vixente a promoción na páxina web www.comerciodebetanzos.com.

A participación no concurso implica a aceptación íntegra das bases.

PROTECCIÓN DE DATOS

Ao participar no concurso, os participantes entenden que ceden os seus datos persoais a A.C.E.BE. C.C.A. e que esta utiliza e almacena os datos necesarios durante a realización ata o final do concurso seguindo a normativa da lei de protección de datos.

De conformidade co disposto no Regulamento General de Protección de Datos RGPD UE 679/2016 e a Ley Orgánica 3/2018 de 5 de Diciembre, de Protección de Datos Personales y Garantía de los Derechos Digitales, facilítaselle a seguinte información do tratamento dos seus datos de carácter persoal.

1. Responsable do tratamento dos datos:

A.C.E.BE. C.C.A. CIF: G15153869

Domicilio: Pza. Mestre Xosé Dapena N° 1. Betanzos. A Coruña

Dirección de correo electrónico: acebe@comerciodebetanzos.com

2. Base legal do tratamento dos seus datos:

Artículo 6, apartado 1 da LOPD. O tratamento dos datos de carácter persoal requerirá o consentimento inequívoco do afectado, salvo que a Lei dispoña outra cousa.

3. Finalidade do tratamento dos seus datos:

Entrega do premio no concurso.

4. Período de almacenamento ou criterio para a fixación da duración:

Os datos eliminaranse aos tres meses da realización do concurso.

5. Dereitos das persoas participantes:

O interesado terá dereito a solicitar e obter gratuitamente información dos seus datos de carácter persoal sometidos a tratamento, a orixe de ditos datos, así como as comunicacións realizadas ou que se prevén facer dos mesmos. (Art. 15 LOPD).

Serán rectificados ou cancelados, no seu caso, os datos de carácter persoal cuxo tratamento non se axuste ao disposto na presente Lei e, en particular, cando tales datos resulten inexactos ou incompletos. (Art. 16 LOPD). Os datos de carácter persoal deberán ser conservados durante os prazos previstos nas disposicións aplicables ou, no seu caso, nas relacións contractuais entre a persoa ou entidade responsable do tratamento e o interesado. (Art. 16 LOPD Dereito de cancelación).

O afectado poderá oporse ao seu tratamento cando existan motivos fundados e lexítimos relativos a unha concreta situación persoal. En tal suposto, o responsable de ficheiro excluirá do tratamento os datos relativos ao afectado. (Art. 6 apartado 4 LOPD).

O tratamento dos datos de carácter persoal requirirá o consentimento inequívoco do afectado, salvo que a lei dispoña outra cousa. O consentimento poderá ser revocado cando exista causa xustificada para elo e non se lle atribúan efectos retroactivos. (Art. 6 apartado 1-3 LOPD).

As actuacións contrarias ao disposto na presente Ley poden ser obxecto de reclamación polos interesados ante a Agencia de Protección de Datos, na forma que regulamentariamente se determine. O interesado ao que se denegue, total ou parcialmente, o exercicio dos dereitos de oposición, acceso, rectificación ou cancelación, poderá poñelo en coñecemento da Agencia de Protección de Datos ou, no seu caso, do organismo competente de cada Comunidade Autónoma, que deberá asegurarse da procedencia ou improcedencia da denegación. (Art. 18 LOPD).